



CONCELLO DE REDONDELA

## Resolución Alcaldía

Expte nº: 3936/2023

Procedemento: Contratacións

Asunto: Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela

Responsable: Contratación.mgm

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais Comunitarios e Igualdade, de data 17.10.2023, que transcrita di:

“Este Concello, co obxectivo de procurar o benestar físico, social e psicolóxico, ás persoas que teñen limitada a súa autonomía persoal para procurarse ás atencións básicas da vida diaria e a súa capacidade de relación social, proporcionándolles a posibilidade de continuar na súa contorna habitual, ten a necesidade de contratar novamente de xeito externo o servizo de axuda no fogar cuxa finalidade é a atención a persoas nas que concorran os requisitos establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Orde Galega do 22 de xaneiro de 2009 e a Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda a domicilio, configurándose como a prestación dun conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia na súa contorna familiar habitual, para mellorar a calidade de vida das persoas que viven nos seus domicilios e requiren asistencia, xuntando o esforzo da propia persoa usuaria, da súa familia, e o servizo público, é dicir o esforzo da comunidade no seu conxunto, mantendo o maior grao de autonomía, mediante un labor preventivo, asistencial e rehabilitadora.

A prestación do servizo de axuda no fogar e outros apoios á unidade de convivencia enténdese como dereito polo que deberá ter un bo nivel de calidade e responder ás necesidades das persoas atendidas, sen realizar as actividades que poida facer a persoa usuaria por si soa, evitando a dependencia e fomentando a autonomía, entendéndose como un servizo dentro do sistema de Servizos Sociais, aplicable só a determinadas situacións e nunca como alternativa a outros recursos escasos ou non existentes.

A prestación de axuda a domicilio e outros apoios á unidade de convivencia é unha prestación básica de servizos sociais e do Sistema de Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que proporciona unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, doméstico, psicosocial, educativo e técnico, que se presta no domicilio a familias e persoas con dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolles a posibilidade de continuar na súa contorna habitual.

Outros obxectivos específicos perseguidos por esta prestación básica son favorecer a permanencia da persoa no seu propio ambiente, asegurando un tratamento individualizado na prestación de servizos, mellorar a calidade de vida, procurando unha existencia máis segura e independente ás persoas atendidas, previr situacións de crises familiares que prexudiquen aos/os posibles usuarios/ as, substituír á familia cando esta non exista ou non se atope presente por unha situación de emerxencia ou de crise, complementar o labor da familia cando esta estea desbordada e compensar unha atención familiar inadecuada ou a carencia de recursos adecuados.

Considerando todo o anterior, a importancia da prestación deste servizo básico dentro do sistema de servizos sociais e que o Concello carece dos medios persoais e materiais necesarios e suficientes para desenvolver directamente estes traballos, é preciso contratalos externamente.



Para os efectos de proceder a contratación deste servizo, previamente encargouse á empresa Pilot CCS Service Consultancy, SL, co CIF núm. B27797976, a elaboración do informe para a determinación dos custos asociados ao Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela, a redacción do prego de prescricións técnicas onde se definen as características e condicións das prestacións a realizar e a asistencia técnica e xurídica ao servizo municipal correspondente na elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares que vai rexer a contratación.

A empresa Pilot CCS Service Consultancy, SL presentou na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico do Concello, o día 07.09.2023 co núm. 2023-E-RE-5372, o informe relativo ao prezo base do servizo de axuda no fogar redactado e asinado electronicamente, coa mesma data, por Ángel Extremadouro Fernández, técnico de proxectos, e por Salvador Fernández de la Cigoña Fraga administrador único da empresa,

Xa que logo, tendo en conta o anterior e á vista das prescricións da lexislación contractual, esta Concellería **PROPÓN**

**Primeiro.-** Acudir á tramitación dun expediente de contratación do **Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela**, mediante **procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada**, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por un **período inicial de dous (2) anos, prorrogable por outro período dun (1) ano, cun valor estimado do contrato de 4.832.524,62 euros, sen IVE**, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga, e cun **orçamento máximo de licitación para os dous anos iniciais do contrato de 2.928.802,80 euros, máis o IVE do 4% para SAF-Dependencia e do 10% para SAF- Libre Concorrenca**, por importe de **119.611,98 euros**, o que fai un **total de 3.048.414,78 euros**, e cun **prezo/hora máximo de 22,33 euros, sen IVE**.

**Segundo.-** Solicitar acreditación documental de Intervención relativa á existencia de crédito para o referido contrato.”

Lida o informe de xustificación do prezo do contrato asinado electronicamente, con data 07.09.2023, por Ángel Extremadouro Fernández, técnico de proxectos de Pilot CCS Service Consultancy, SL, redactado por el mesmo e por Salvador Fernández de la Cigoña Fraga administrador único da empresa, e a Memoria xustificativa-informe de necesidade asinada pola Alcaldía, como órgano de contratación, e pola concelleira de Servizos Sociais Comunitarios e Igualdade, con data 17.10.2023.

Visto o certificado da Intervención municipal de data 13.10.2023 acreditativo da existencia de crédito definitivo correspondente á anualidade 2023 na aplicación 2331A/2279909 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente.

Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

## **RESOLVE**

**Primeiro.-** Iniciar o expediente para a contratación, polo trámite ordinario e **procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada**, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), para a contratación do **Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela**, mediante **procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada**, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por un **período inicial de dous (2) anos, prorrogable por outro período dun (1) ano, cun valor estimado do contrato de 4.832.524,62 euros, sen IVE**,





CONCELLO DE REDONDELA

calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga, e cun **orçamento máximo de licitación para os dous anos iniciais do contrato de 2.928.802,80 euros, máis o IVE do 4% para SAF-Dependencia e do 10% para SAF- Libre Concorrenzia**, por importe de 119.611,98 euros, o que fai un **total de 3.048.414,78 euros**, e cun **prezo/hora máximo de 22,33 euros, sen IVE**, procedemento que se elixe por ser o procedemento ordinario e en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta calidade-prezo tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

**Segundo**.- Incorporar ao expediente:

- Proposta do servizo que promove a contratación.
- Acreditación documental da Intervención da existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Informe de suficiencia do orzamento de licitación
- Memoria xustificativa-Informe de necesidade
- Informe da secretaria xeral da Corporación.
- Informe de Intervención.

**Terceiro**.- Designar como funcionaria/o encargada/o da tramitación do expediente a persoa que ocupe a Secretaría xeral do Concello.

**Documento datado e asinado electronicamente á marxe**

